

# Enerxía para o ensino

## Colle corpo a segunda edición do Congreso de Software Libre para a Educación, da man de Igaciencia

**a** programación aberta achega múltiples vantaxes e beneficios para o ensino, tanto é así que xa hai unha chea de especialistas en educación que sosteñen que o software libre é en si mesmo educación. Entre as principais razóns deste argumento figuran a súa natureza aberta (non ten segredos e os recursos soen estar a disposición de todas e todos para o seu uso), o seu custe xeralmente máis baixo e o espírito de colaboración e cooperación que adoita a fomentar. Tomando isto como base, véñse de convocar na nosa terra a segunda edición do Congreso de Software Libre para a Educación. A iniciativa vén da man dunha das entidades que máis a está a traballar polo achegamento da ciencia e a tecnoloxía, na nosa lingua, ás escolas: a plataforma Igaciencia.

Os obxectivos do congreso son promover o intercambio de coñecemento entre investigadores e profesores de educación na área de software libre e achegar a posibilidade de encontro entre todos

os docentes galegos interesados no ensino da área científica-matemática-tecnolóxica, e mesmo das demais áreas do ensino, desde o punto de vista a programación aberta. Tamén se trata de albisar as posibilidades de uso do software libre nas empresas e na Formación Profesional.

Igualmente, sinala Igaciencia, a actividade está orientada a facilitar a actualización do profesorado galego, difundir os novos vieiros de código aberto, impulsar o desenvolvemento da investigación en educación e en software libre, dar a ocasión de coñecer innovacións educativas e difundir distintas liñas para a aprendizaxe e ensinanza das distintas materias de ensino. O evento desenvolverase en xullo de 2013, durante os días 1 e 2, en horario de 10 a 14 horas e de 16 a 20 horas. O emprazamento elixido é o CAFI, o Centro Autonómico de Formación e Innovación en Santiago. As prazas dispoñíbeis son 125, e os destinatarios son profesoras e profesores de Primaria, de Secundaria e de Universidade.

A continuación, damos conta da relación de relatorios xa confirmados a comezos de maio:

- **Obradoiro Exelearning, Moodle.** Pilar Anta do IES de Sabón
- **Obradoiro de Maxima.** Mario Rodríguez Riotorto
- **Teleformación con Innovación Educativa e Software Libre.** Roberto Brenlla (Tegnix)
- **Software libre e modelos de programación na investigación con supercomputadores.** Dr Andrés Gómez (CESGA)
- **BioStatFLOSS: Unha ferramenta para a educación en BioEstatística.** Miguel Ángel Rodríguez Muíños (Dirección Xeral de Saúde Pública. Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia)
- **App Inventor.** Os primeiros pasos en Android. Manuel Díaz Regueiro e Inés Ben
- **Obradoiro de Youtube** Susana Vázquez e Xacobo del Toro (educaBarrié)
- **Estatística con Scilab.** Consuelo Castro (IES de Trasancos)
- **Obradoiro de Geogebra e Arte.** Manuel Díaz Regueiro e Inés Ben.
- **Mesa Redonda sobre publicación dixital, as súas posibilidades, o futuro dos libros escolares dixitais, e a interactividade con HTML5.** Como integrar unha calculadora -e máis- nun libro dixital. Membros da mesa: Francisco Botana (UVigo), Manuel Díaz (Igaciencia),...
- **Abalar: sistemas informáticos da Amtega.** Relator: Pablo Nimo Liboreiro.
- **Experiencia con Abalar no CEIP A Ramallosa.** Benjamín Salgado Gómez e Francisco Nanín Castro
- **Rede CeMIT.** Relator: persoal da Amtega
- **Localización de Software Libre ao galego.** Trasno
- **Experiencia do CESGA no uso do SW libre e servizos "na nube" aplicado a colaboración e a aprendizaxe.** Experiencia en Sistemas de Información Xeográfica e Software Aberto. María J. Rodríguez Malmierca (Coordinadora do Departamento de e-learning e ferramentas colaborativas do CESGA), e Emilio Abad (técnico área SIX do CESGA).
- **Estatística Educativa para a avaliación dos alumnos con R,** Salvador Naya (UDC)
- **Control de Calidade usando a Metodoloxía Seis Sigma con R,** Salvador Naya (UDC)
- **Cálculo matemático accesible por Internet.** Francisco Botana (UVigo)
- **Realidade virtual no CDTIC de Santiago (visita ao centro de realidade virtual do CDTIC)**
- **Realidade aumentada na educación.** Angel Casas Polo, do Centro de Realidade Virtual do CIS Galicia
- **Demostración das posibilidades dos motores gráficos OGRE e Unity 3D,** usando as técnicas de realidade virtual e aumentada no campo da educación.
- **Impresora 3D feita cos alumnos de 4º da ESO de PDC.** Alberte Méndez do CPI de Atios en Valdoviño
- **Follas Novas e Novas Follas** (Premio de educación da Fundación Rosalía de Castro). Encarna Lago, Xerente da rede museística da Deputación Provincial de Lugo.
- **Oficina de Coordinación de Software Libre da Xunta de Galicia. Servizos para a comunidade educativa.** AMTEGA. ■

